

Cuestión teórica nº 3

Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).

Nesta pregunta o alumnado debería referirse ao interese romano pola Península Ibérica no contexto do enfrontamento cos cartaxineses no Mediterráneo, ás diferentes etapas da conquista, ao desenvolvemento do proceso de romanización en paralelo á conquista e aos principais elementos de romanización (organización político-administrativa do territorio, lingua, cultura e obras públicas).

A resposta básica debe incidir nas seguintes cuestións:

- O interese romano pola Península Ibérica no contexto do enfrontamento cos cartaxineses no Mediterráneo
- As diferentes etapas da conquista
- O desenvolvemento do proceso de romanización en paralelo á conquista
- Os principais elementos da romanización (organización político-administrativa do territorio, lingua, cultura e obras públicas)

Para ter cualificación de notable ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe explicar cunha certa profundidade polo menos unha delas. Para sobresaliente, ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe afondar nunha ou explicar con certa profundidade polo menos dúas delas.

A chegada dos romanos á Península produciuse dentro do escenario xeral da **Segunda Guerra Púnica, a cal no Mediterráneo enfrontaba Roma e Cartago**. Un xeneral cartaxinés, **Amílcar Barca**, comprendeu que para vencer os romanos era preciso organizar un poderoso exército. A Península Ibérica ofrecíalle os medios necesarios (era rica en materiais e en guerreiros) e unha boa localización, pois Cartago xa posuía colonias nela. Así, no ano 238 aC, os cartaxineses desembarcaron en Gadir (Cádiz) e, en poucos anos, conseguiron dominar os pobos do sur e sueste peninsulares, onde fundaron Carthago Nova (Cartaxena). No ano 220, Aníbal foi elixido xefe do exército púnico e ideou a conquista de Roma dende a Península Ibérica, atravesando os Pireneos e os Alpes. No seu avance, atacou a cidade de Sagunto, aliada de Roma, cuxos habitantes foron case exterminados.

Como represalia pola actuación cartaxinesa en Sagunto e co fin de impedir o paso de Aníbal cara a Italia, os romanos enviaron á Península Ibérica dous exércitos que desembarcaron en Ampurias no ano 218. Foi o inicio da conquista romana da Península Ibérica. A submisión aos romanos da totalidade dos pobos indíxenas que poboaban a Península Ibérica (iberos, celtas e celtiberos) durou aproximadamente 200 anos. Este longo proceso de conquista realizouse en diversas etapas, interrompidas por períodos de inactividade bélica.

A **primeira fase vai do 218 ata 197 aC**. Prodúcese dentro do escenario xeral da II Guerra Púnica entre Roma e Cartago. Os romanos, co fin de impediren o paso cara a Italia de Aníbal, xefe do exército cartaxinés, envían á Península dous exércitos que desembarcan en Emporion (Ampuries) o ano 218 aC. O pretexto foi a violación por parte dos cartaxineses do Tratado do Ebro, o límite pactado entre ambos estados. Durante doce anos loitan contra os cartaxineses e mais os seus aliados hispanos. No ano 206 aC logran expulsar os cartaxineses e dominar a **costa mediterránea e o sur peninsular**.

A **segunda etapa, que vai do 197 ao 133 aC**, implicou a **conquista lenta da Meseta** e caracterizouse pola feroz resistencia que opuxeron os pobos indíxenas. Os episodios máis relevantes da resistencia á ocupación romana foron a rebelión dos lusitanos e o asedio de Numancia.

Un caudillo lusitano, chamado **Viriato**, rebelouse contra o poder de Roma no 156 aC e iniciou unha guerra de guerrillas para desgastar o inimigo. No ano 139 aC foi asasinado polos seus propios oficiais, que pactaran a rendición a cambio de terras e privilexios. Para someter **Numancia**, no ano 134 aC, o exército romano rodeou a cidade con sete campamentos. Tras resistir oito meses de asedio, a cidade rendeuse esgotada pola fame e as dificultades. Nesta etapa tamén se realizou a conquista das **illas Baleares** no 123 aC para lle poñer fin á piratería que tiña lugar nas costas insulares frecuentadas polo comercio marítimo romano. No 133 aC só restan fóra do poder romano as terras do norte.

A conquista romana de Galicia iníciase o ano 137 aC coa incursión que fai **Décimo Xunio Bruto** dende a Lusitania. Logo de cruzar o río Limia, chega ata o Miño. Seguen outras campañas, como as de **Craso** (96-94 aC) e **Perpenna** (74 aC). As dúas campañas decisivas para a incorporación de todo o territorio galaico ao Imperio romano son a de **Xulio César** (61-60 aC), que chega por mar a Brigantium (A Coruña), no golfo ártabro, seguramente na procura de depósitos de estaño, e a de **Augusto** (29-19 aC), dentro da guerra contra cántabros e ástures. Os castrexos resisten con tenacidade a perda da súa independencia: salienta a lendaria batalla do Monte Medulio, onde milleiros deles seica preferiron a morte denantes de caeren nas mans dos romanos

Para completar a dominación da Península, na derradeira fase da conquista, que vai do 29 ao 19 aC o emperador **Augusto** levou a cabo as **guerras cántabras** polas que foron sometidos cántabros e astures. Finalizada a conquista de toda a Península, os seus habitantes quedaron integrados durante cinco séculos no poderoso Imperio romano. Os romanos impuxeron en Hispania a súa estrutura económica e as súas formas de organización administrativa, política e social.

Durante a conquista, cara o ano 197 aC, os romanos organizaron os seus dominios en dúas provincias: **Hispania Citerior** (Val do Ebro e Levante) e **Hispania Ulterior** (Val do Guadalquivir). En tempos de Augusto, no 14 aC, o número de provincias aumentou a tres: a **Tarraconensis** (con capital en Tarraco), a **Baetica** (con capital en Corduba) e a **Lusitania** (con capital en Emérita Augusta). Despois, Diocleciano estableceu cinco provincias, engadindo a **Carthaginensis** (con capital en Carthago Novae) e a **Gallaecia** (con capital en Bracara Augusta). Por último, no século IV creouse a provincia **Baleárica** (con capital en Pollentia).

Existían dous tipos de provincia, as **senatoriais**, controladas directamente polo Senado, como a Baetica, e as **Imperiais**, que dependían directamente do Emperador, como a Tarraconensis. Cada provincia era gobernada por un **pretor**, un **procónsul** ou un **cónsul**, dependendo da súa importancia estratéxica, e por un **consello**, encargado das cuestións administrativas, xurídicas, militares ou fiscais. Asemade, as provincias dividíanse en **conventus ou** circunscricións de carácter xurídico, con sede nas cidades máis significativas.

Roma impuxo en Hispania as súas estruturas económicas: a formación de latifundios agrícolas, a propiedade privada da terra, a utilización de man de obra escrava, a cidade como centro de produción e de intercambio de mercadorías e o uso da moeda. Igualmente, asentouse unha **estrutura social** baseada na formación de clases segundo a súa riqueza, na que se pode distinguir unha reducida aristocracia, que posuía cargos, terras e fortunas, dividida en senadores e cabaleiros, unha burquesía acomodada de negociantes e propietarios de vilas agrícolas, un numeroso grupo de traballadores libres (campesiños e artesáns) e de escravos, sen ningún dereito, para o traballo agrícola, mineiro e artesán.

Baixo a administración romana prodúcese unha **mellora da economía** grazas á racionalización e ás **melloras técnicas** nos sistemas de explotación agrícolas, gandeiros e mineiros. As terras conquistadas, polo xeral, pertencían ao pobo romano: era o **ager publicus, cuxa propiedade exercía o Estado**. Con todo, parte destas terras eran devoltas aos seus antigos propietarios, individuais ou colectivos, ou adoitaban ser repartidas entre colonos, soldados licenciados ou indíxenas sen terras. O resto quedaba en mans do Estado, que as concedía en arrendamento. Co tempo, moitas terras arrendadas convertéronse, na práctica, en propiedade privada. Desta forma, a clase senatorial fíxose con enormes extensións de terras ou **latifundios**, que se organizaron en **vilas**, grandes explotacións agropecuarias traballadas por escravos.

As principais actividades económicas de Hispania eran

- A **actividade agrícola e gandeira**. Foi a base económica dos habitantes de Hispania. Os cultivos esenciais foron, en secaño, os cereais, a vide e a oliveira, e en regadío, as árbores froiteiras e as hortalizas. O **viño** e o **aceite** de oliva foron os dous produtos de exportación máis importantes. Os romanos introduciron **novas técnicas** que aumentaron de xeito considerable a produtividade, como o barbeito, o regadío e a utilización de animais de tiro. Con respecto da gandaría, os rabaños de ovellas continuaron a dominar as terras da Meseta.
- A **actividade pesqueira**. Era frecuente en todo o litoral e implicou o desenvolvemento de sectores como a produción de sal e a salgadura de peixe.
- A **actividade artesanal e comercial**. Malia o gran desenvolvemento agrícola, **a economía do Imperio era esencialmente urbana**. Nas cidades a artesanía coñeceu un notable impulso, e parte da súa produción exportábase a Roma. A cidade acollía numerosos obradoiros nos que traballaban escravos e artesáns libres que se agrupaban en corporacións de oficios ou **collegia**. A cidade tamén era o principal centro comercial que articulaba tanto o comercio local como os intercambios a longa distancia, que se realizaban a través das calzadas e, sobre todo, por vía marítima: Tarraco, Carthago Nova, Gades
- A **actividade mineira**. Os romanos tamén exploraron as minas, melloraron os sistemas de extracción e aumentaron a produción. O Estado monopolizou a explotación mineira, se ben co tempo permitiu o arrendamento a particulares. O traballo nas minas realizábase na súa meirande parte os escravos. Salientaban as de ouro, prata, cobre e mercurio.

A presenza romana introduciu en Hispania os seus elementos culturais (lingua, dereito, relixión, ideoloxía) e a estrutura social e económica da civilización romana. Isto deu lugar a un proceso que se coñece como **romanización**, isto é, a **adscripción do territorio hispano no marco cultural romano**. A romanización produciuse moi lentamente e fixérona posible os seguintes instrumentos: a implantación da administración romana, a construción dunha excelente e ben estruturada rede de calzadas, o uso obrigatorio do latín como lingua oficial, a presenza do exército romano na Península e de tropas mercenarias indíxenas nel, a creación de moitas cidades novas, o activo comercio interno e exterior e finalmente a concesión paulatina do dereito de cidadanía.

A **lingua latina** difundíuse por todo o Imperio, tanto como lingua de cultura como lingua falada, e impúxose á maioría de linguas autóctonas. Tamén se espallou o **uso do dereito romano** que regulaba tanto as relacións privadas como as institucións políticas e o seu funcionamento. Doutra banda, a integración de Hispania á cultura romana amósase no feito de que foi berce de intelectuais como Séneca, Quintiliano e Marcial, e de emperadores como Traxano, Adriano e Teodosio.

O culto aos **deuses romanos**, baseado na Tríade capitolina (Xúpiter, Xuno e Minerva) foi practicado en todo o Imperio, así como o culto imperial, que se converteu nun elemento fundamental para lles dar cohesión ás diferentes provincias romanas. A partir do século III, o **crístianismo** difundíuse por Hispania e os seus seguidores foron perseguidos ata a proclamación do Edicto de Milán no 313, que declarou a liberdade relixiosa.

Coa romanización, as **cidades** aumentaron e convertéronse no centro administrativo, xurídico, político e económico da Hispania romana. Organizábanse baixo as regras do urbanismo romano e enchéronse de edificacións, que constitúen un dos legados máis importantes do pasado romano: foros, acuedutos, templos, circos, anfiteatros... Estaban gobernadas pola **Curia**, un consello elixido polos cidadáns entre a oligarquía local. Ao principio non todas as cidades tiñan os mesmos dereitos, pois as que foran aliadas de Roma pagaban menos impostos. No século I dC concedéuselle o dereito latino a todas as cidades de Hispania e no século III dC o dereito de cidadanía romana; xa que logo, todas as persoas libres pasaban a gozar dos mesmos dereitos no Imperio. As cidades foron un instrumento de romanización ao estruturarse baixo as regras do urbanismo romano, con monumentos romanos (foros, templos, circos, anfiteatros, acueductos...) e mosaicos e esculturas ao gusto romano.

Unha excelente rede de **calzadas** comunica ás cidades entre si e co resto do Imperio. Salientan a Vía Augusta, que percorría todo o Levante peninsular e atravesaba os Pireneos ata chegar a Roma, e a Vía da Prata, que unía Emérita Augusta con Asturica Augusta.